

A CULTURA DO LIÑO NO CONCELLO DE VILALBA (LUGO). APARELLOS E ANTIGAS TÉCNICAS DE USO. REFERENCIAS A OUTRAS COMUNIDADES.

Autor: Xosé Manuel Blanco Prado.

Traballo publicado na “Pena do Encanto”. Boletín Informativo do IESCHA. Números 8 e 9. Vilalba (Lugo). Anos 2015, 2016.

Penso que as persoas e agrupacións, que adican unha parte do seu tempo libre, a actividades encamiñadas a desvelar aspectos da nosa cultura tanto material como inmaterial –ás veces esquecidos– son dignas de eloxio e merecedoras dunha homenaxe, que pode quedar reflectido mediante un evento social ou, tamén, como é neste caso mediante a escrita.

A asociación de mulleres rurais de San Bartolomeu de Insua (Vilalba) naceu hai uns oito anos. Dende aquela e ata hoxe traballou e segue facéndoo cunha finalidade básica como é a de recobrar algúns dos oficios artesanais galegos como son o tear e a cestería así como a cultura xerada en torno aos mesmos.

Sen embargo unha das súas ocupacións fundamentais é a recuperación do cultivo do liño. Polo tanto, as integrantes desta agrupación comezaron a sementar o liño e a investigar sobre o seu proceso artesanal, recollendo información das actividades de lecer ligadas ao labor das antigas fiadeiras. No primeiro ano de actividade desta asociación sementaron o liño mais no segundo comezaron xa a difundir as diferentes tarefas relacionadas con este cereal así como o labor de fiar. Isto quedou reflectido nun documental, que leva por título “O liño, arte e cultura”, gravado en colaboración co presidente da “Asociación de Cabreiros” (Xermade). Ademais esta agrupación, que estivo presidida por Divina González e agora por Lourdes Otero, realiza durante todo o ano un obradoiro sobre o tear. Nesta actividade participan as mulleres da parroquia, que adoitan reunirse en teares antigos algúns días pola tarde para levar a cabo os talleres correspondentes. Así entre algunhas actividades distinguimos a de preparar a lá da ovella; a de facer tapicería con materiais de reciclaxe; a de realizar tintes naturais en lá.

Por outra banda, ao ser unha asociación xa coñecida polo seu labor non só na Chaira senón tamen noutros concellos galegos aceptan con ledicia as invitacións, que lles chegan doutras comunidades, para darlles a coñecer o seu labor sobre o liño.

Pois na honra desta asociación, que proxecta agarimo e ledicia, fago alusión a algunhas peculiaridades, que amosou a “Cultura do Liño” no concello de Vilalba. Ademais, fago referencia a algúns trazos da mesma noutras comunidades galegas.

I. DESCRICIÓN DA PLANTA DO LIÑO.

Trátase dunha planta herbácea da especie *Linum*, da familia das Lináceas, anual (ás veces bianual), que ten entre trinta e corenta feixiños, que levan unhas trinta e cinco fibras pericíclicas, de follas estreita, plana, lisa, e lanceolada de tres nervios. A súa sementeira levase a cabo nos meses de abril ou maio, producindo unhas grandes flores hermafroditas duns tres cm., que procuran unha gran beleza dende finais da primavera ata o mes de agosto. A planta acada unha altura entre 20 e 100 cm., e xera un froito globuloso duns sete ou oito cm. de lonxitude con sementes aplanadas e picudas de cor castaña reluciente normalmente. Cómpre distinguir preferentemente dúas clases: a de fibra e a de semente; mentres que a de fibra adícase ás modalidades textís de alta calidade, a de semente é usada para a obtención de aceite de liñaza e, polo tanto, a fins terapéuticos e industriais.

II. REFERENCIAS HISTÓRICAS SOBRE O CULTIVO DO LIÑO.

1. XERAIS.



PLANTA DO LIÑO

Algúns pensadores aluden que a planta do liño procede de Mesopotamia ou do Cáucaso europeo, e o seu cultivo ten unha antigüidade de 5000 anos ¹. Tamén faise referencia coma un cultivo idóneo para tecidos finos no Antigo Testamento. Así no Libro do Éxodo –35–6– dise; “*Cada un traerá xenerosamente en ofrenda para o Señor ouro, prata, ou bronce púrpura violáceo, escarlata e carmesí, liño ou pelo de cabra*”. Así mesmo polo centro e norde de Europa non fallan achádegos que proban a existencia no neolítico de tecidos de liño, lá e algúns outros, así como o uso de determinados aparellos semellantes aos de

¹ GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel: *O Liño*. Vigo: Ir Indo, 1992. páx. 20.

hoxe para a súa elaboración ². Sen embargo vai ser Exipto hai uns 3000 anos onde o liño floreceu como unha industria artesanal reflectida nas pinturas conservadas nos túmulos dos faraóns da XII dinastía. Posteriormente os fenicios, celtas, gregos e romanos laboran este cultivo para a fabricación de vestidos, velas e redes, sendo Roma quen difunde o seu cultivo polo Imperio. Con respecto á Península Ibérica ésta documentado que este cultivo e a súa utilización vén dende os tempos prehistóricos; así atópanse restos do ano 2500 a.C. en Almería, e do ano 2000 a.C. no Algarve (Portugal)³. Na Europa medieval o liño é o tecido máis usado, sendo importante a súa presenza na parte occidental do noso continente. Logo, a finais do século XVIII, a Revolución Industrial posibilitou que este cultivo tivese un desenvolvemento importante, que dura ata mediados do século XIX. Neste momento comezan a xurdir as plantacións de algodón, que motivan que o cultivo do liño vaia tendo unha baixada considerable na súa produción. Esta merma do liño débese a que o algodón é unha planta barata, de moita fibra, que demanda escasa atención e, polo tanto, pouca man de obra ⁴.

2. REFERENCIAS EN GALICIA.

Nesta comunidade é mester agardar á cultura castrexa para encontrar testemuñas directas, que nos autoricen enxergar certas sinais que poida reflectir o labor textil, que se levaba a cabo na Galiza protohistórica. Así, tanto Estrabón como Plinio –pensadores romanos– fan mención aos tecidos galegos, como o liño dos Zoelas, que, logo, os romanos ían usar para a súa indumentaria de caza. Ademais destas testemuñas cómpre tamén lembrar algúns achádegos, como fusaiolas, agullas, fíbulas, pesos de tear, atopados nos castros, e que nos permiten establecer algunha ligazón cunha incipiente industria textil proxectada preferentemente a realizar roupas de liño para o verán e de lá para o inverno, algo moi habitual ata non hai moitos anos. É patente que o emprego textil do liño e o seu desenvolvemento deuse a partir da época romana como queda reflectido na valiosa terminoloxía latina ligada ao mencionado cultivo. Así, termos como Liñar, Liñardelo, Liñarega, Liñares, Liñariño, Liñaza, Liñeira, Liñeiro etc. fan posible a evidencia de tal feito.

² LORENZO, Xaquín: *Os Oficios*. Vigo: Galaxia, 1983. páx. 223.

³ LÓPEZ PÉREZ, Ana Belén: *Ob. cit.*, páx. 9.

⁴ GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel: *Ob. cit.*, páx. 22.

Na Idade Media hai un predominio do liño, que da lugar a creación de oficios e gremios, que van a ser o xerme dunha influente ocupación artesá, potenciando neste intre un importante desenvolvemento económico e unha conexión comunitaria. Nesta época hai numerosas referencias ao liño e a súa actividade tanto en textos oficiais como particulares, citas curiosas transcritas en vendas, testamentos e foros, o que revela a súa importancia na vida rural e popular. Un bo número de rendas e prestacións pagábanse en liño nesta época e, tamén, nos séculos posteriores.

A principios do século XVIII o cultivo desta planta constitúe, nunha Galicia superpoboada e cunha parcelación difusa, a principal actividade económica do medio rural, empregándose as fincas máis selectas para os plantíos liñeiros. É mester resaltar neste desenvolvemento o traballo da muller que ademais de axudar ao home nos traballos do campo máis livianos, leva a cabo as tarefas do fogar, cuida dos animais domésticos, cultiva as hortalas, e nas pausas que lle deixan

estes traballos adicase ao labor do liño. Polo tanto non resulta extraño pensar que das súas mans saian elaboradas mantas, colchas, lenzos de cama, mantelos, saias, medias, que posibilitan unha dispoñibilidade



OS RIPOS

pecuniaria no marco familiar para mercar as provisións necesarias para o seu sostén. Nos rexistros referentes a finais do século XVIII e inicios do XIX, a única exportación organizada na cidade de Lugo e a dos lenzos, e que o número de teares relacionados corresponde co das vivendas. Sen embargo xa a mediados desta centuria as condicións xa non son nada favorables para o liño, que debía ser traído doutras rexións e mesmo do estranxeiro a altos custos, por culpa da diminución paulatina dos sementados. En consecuencia e malia que o liño que produce o Reino de Galicia é coñecido por ser un dos máis especiais de Europa ao remate desta centuria e comezos da seguinte vaíse producindo unha recesión da administración liñeira. O cultivo do liño resulta traballoso e caro, é dicir, procésase en formas propias dunha organización económica precapitalista, o que da lugar a que a máquina moderna saia triunfante e agás en situacións moi concretas a industria caseira dos tecidos vaia desaparecendo. Ademais a

decadencia deste cultivo ven agravada pola importación do algodón, fibra máis barata o que provoca unha entrada importante.

No século XX houbo recuperacións momentáneas do liño. A primeira foi logo da 1ª Guerra Mundial debido ao alto prezo das teas industriais, aínda que o retroceso do liño era xa tan intenso que resultou difícil atopar liñaza para sementar⁵. A Guerra Civil e a 2ª Guerra Mundial tamén obrigaron a recuperalo ata o lustro 1950-55 finando a partir do ano 1960 debido a rápida expansión das fibras artificiais. De todos os xeitos na década dos setenta aínda botan algo por costume en Vilarmeao, Requeixo e Ramil, na serra de Covelo (Ourense). Por outra banda o movemento dos teares segue en lugares da Coruña e Pontevedra e, especialmente, nas terras luguesas de A Fonsagrada máis xa



cunha ambición case de autoconsumo. Así mesmo é mester salientar a arte popular exercida na Costa da Morte (Camariñas), gracias ás palilleiras, que executaron os encaixes de liño. Nos últimos lustros cómpre sinalar as experiencias de asociacións como a das mulleres de San Bartolomeu de Insua (Vilalba), que tentan proxectar ao exterior o desenvolvemento deste cultivo, para que as novas xeracións saiban non só como era a súa dinámica, senón tamén o esforzo, que levaba, ata

MULLER DE INSUA REALIZANDO “A RIPA”

acadar o produto. Tamén, e mester mencionar a algúns museos, que teñen entre as súas referencias ao liño. Así podemos mencionar ao museo de San Paio de Narla (Friol), ao da Fonsagrada, ao do Saviñao, e, como non, ao micromuseo de Anseán (O Corgo), que xorde como froito dunhas xornadas sobre o liño, organizadas pola Asociación Arumes de O Corgo, a finais da década anterior.

III. PROCESO DE ELABORACIÓN DO LIÑO.

“A necesidade de facer fronte a un elevado volume de traballo en determinadas épocas do ano, dou lugar a que a maioría das

⁵ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Antropoloxía de Galicia*. Vigo: Xerais, 2000. pág.204.

comunidades agrarias, e ata épocas ben recentes, o solucionasen por medio da axuda de parentes e veciños, que na maioría dos casos se atopaban na mesma tesitura. Non cabe a menor dúbida de que se trata dunha fórmula na que priman as relacións de parentesco, amizade e veciñanza, e que supón un aporte non só de man de obra, senón tamén de instrumental en moitos casos, xa que se acode con ferramenta propia. Evidentemente non hai unha remuneración económica polo traballo levado a cabo, o pago dese favor faise coa axuda no momento no que se precise.

Así mesmo, todas estas xuntanzas eran un acontecemento social, xa que ó remate do traballo ofrecíase unha comida que, con frecuencia, remataba nun baile. Estas reunións eran mal vista polas autoridades eclesiásticas, que chegaron incluso a prohibilas, a pesares de que esta oposición da igrexa non tivo unha fonda repercusión.

Este sistema de axudas era empregado en varias fases do proceso de transformación da planta do liño, especialmente nas espadelas e fías, realizadas exclusivamente por mulleres, que levaban instrumental de seu...”⁶.

1. PREPARACIÓN DA TERRA.

Nos seus inicios o liño precisa terreos fértiles nos que haxa unha rotación con outros cultivos –preferentemente gramíneas e pataqueiras– nun ciclo de seis ou sete anos. A variedade textil, que é a máis usada, require un clima fresco e húmido así como unha pluviometría regular durante todo o ano. Por outra banda, a terra que vai a recibir a semente ten que levar previamente un labor idóneo con varias pasadas de grade, para que o chan quede aireado. Ademais, ten que ser rica en humus, provista de regas, exenta de caliza, ben cavada, enriquecida con esterco naturais ou órgano-químicos axeitados, recursos que van a restituir a carencia de potasa, fósforo, calcio...⁷.

⁶ RODRÍGUEZ CALVIÑO, Manuel e SÁENZ-CHAS DÍAZ, M^a Belén: “Traballos de axuda mutua e relacións sociais: O liño no Val de Vea (A Estrada, Pontevedra)”, en *Encontros coa Etnografía*, Ed. Toxoutos, Noia (A Coruña), 2005. páxs. 175-200

⁷ GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel: *Ob. cit.*, pág. 18.

2. A SEMENTEIRA.

A semente bótase polo mes de maio a voleo ben xunta, espesa, nunha cantidade aproximada de 135 kilos por Ha., e acháirase cun engazo de madeira ou ferro. Cómpre que caia ben xunta para que logo o liño enfie ben. Nalgunhas comunidades vilalbesas dicíase que, para saber se estaba ben, podíase mollar o dedo pulgar e poñelo sobre a terra sementada, tendo que saír nove grans pegados ao dedo⁸.


3. A MONDA.

A planta nace entre os tres e os oito días de realizar a semente, necesitando algunha sacha e novas regas, cando acada os 12 cm. Aproximadamente aos doce días da semente a planta alcanza unha altura de 15 a 20 cm. É o momento no que se leva a cabo a monda, tarefa que ten como finalidade arrincar as malas herbas e consolidar a raíz do liño. Este labor realizan as mulleres, que se sentan por riba da planta, ben poñendo unha manta debaixo, ou dun xeito directo coa saia. Desta maneira o liño queda deitado mais aos poucos días érguese ficando un campo moi verde.

Nalgún lugares de Galicia o liño non necesitaba regas xa que se sementaba nunha terra moi húmida, mais noutros lugares –como a Limia Alta (Ourense)– regábase aos oito días de sementado e seguía a se regar cada oito días ata que se arrincaba⁹.

4. A ARRIGA.

No mes de Xuño florece o liño; a flor é de cor azul ou violeta e ten uns tres cm. de diámetro. Tamén vai saíndo a bagaña, que é unha especie de capsuliña, onde se encontra a liñaza. Chega así o mes de xullo e a planta acada unha altura de 40 cm. Neste intre realizase a arriga, que ten que levarse a cabo denantes da maduración completa da **bagaña**. A



O ANTIGO MALLO

⁸ LÓPEZ PÉREZ, Ana Belén: *Ob. cit.*, páx. 13.

⁹ MANDIANES CASTRO, M: O Fiadeiro na Limia Alta. *Grial*, Ourense, 1985.

arriga consiste en arrincar do chan a raíz da planta do liño. Esta tarefa é propia de mulleres, aínda que se é mester interveñen tamén homes. Este traballo comeza cando nun canto da herdade colocanse varias mulleres unhas ao carón das outras e, coas dúas mans, collen un mangado de plantas, tirando a modiño delas ata que se desprende a raíz; logo, sacúdenas contra si para que se libere a terra, e van deixando **os mangados** atrás ata formar **un feixe**¹⁰.

5. O RIPADO.

Os mozos son encargados desta tarefa, na que poden intervir tamén mulleres, se non hai suficientes homes. Para o ripado levanse os feixes **ás airas** e alí desatanos. A



continuación, sepárase **a bagaña** do liño co **ripo ou ripanzo**, especie de peite vertical, de madeira de castiñeiro, provisto de dentes serrados e longos, e disposto no medio dun banco de catro patas. Neste aparello traballan dous mozos, sentados de cara e cunha perna por cada flanco; ámbos os dous collen os seus mangados de

O MAZOTE

liño polo raíz, e bátenos alternativamente contra o peite, para que se vaia desprendendo a semente. Esta vai caendo enriba dunha colcha ou manta, que se coloca no chan baixo o ripo. Logo, mentres o liño volveuse a poñer en feixes e atar da mesma maneira, que cando se trouxeron da terra; **a bagaña** ponse en calquera lugar escuro para que fermente. Algún tempo despois, sácase a bagaña ó sol para que seque. O efecto da calor da lugar a que se abra **o coaño** e deixe caer **a liñaza**, que se garda para a semente do ano seguinte, logo de que quede ben limpa. Se hai excedente véndese na feira. A liñaza usábase para facer cataplasmas, que aliviaban a tos e outras doenzas ligadas coa gorxa e os xeonllos.

6. EMPOZAR O LIÑO.

Despois de ripar o liño, transportase en feixes ao río ou a unha poza existente no lugar. Chegados alí, vanos botando a auga e tapando cunhas ramas de bidueiro ou

¹⁰ LORENZO, Xaquín: *Os Oficios*. Vigo: Galaxia, 1983. pág. 228.

salgueiro, e con pedras. O liño queda na auga de 10 a 15 días, dependendo da temperatura da auga, para que podreza a casca de fora da planta pola acción microbiana. É vixiado a diario, e para saber cando está listo para ser sacado da auga, cóllese unha presa e aprétase; se queda pegada xa se pode sacar¹¹. Nalgunhas comunidades o tempo de empozado é menor. Por outra banda, como na maioría das localidades tanto o arrincado da planta, como a ripa e o empozado levabase a cabo no mesmo día, era habitual que o dono da casa, onde tiveron lugar estas tarefas, dese unha cea aos que interviron nestes labores; ás veces, logo había algo de farra.

7. A SECA DO LIÑO.

Logo de que o liño coceu na auga, lévase en feixes a un campo o a un prado, onde se desfan e vanse espallando en carreiras ao sol, formando **un tendal**, no que permanece o liño ata que o sol o seque, operación que ven durando uns catro ou cinco días. Unha vez enxoiado enféixase de novo e lévase para a casa, onde é gardado nun alpendre ou palleira.

8. A MAZA DO LIÑO.

Este labor ten como finalidade estragar as partes leñosas da planta para que queden libres as febras aproveitables. Nos seus inicios o liño mallouse co **mallo ou manle**. Tratábase dun apero de labranza composto de dúas pezas de madeira: **a mangueira ou moca**, que podía ser de salgueiro, e **a pértega**, de carballo; ámbas as dúas estaban unidas por unhas correas de coiro (**cazulas**). Os malladores dispoñíanse na aira en dúas ringleiras, uns fronte aos outros e co liño no medio; cando uns baixaban o



USO DO MAZOTE. (“O liño e as foliadas en Vilalba. Ana Belén López Pérez”)

mallo os outros levantábano. Esta tarefa adoitaba facerse ao mediodía, cando máis quentaba o sol, e soía poñerse o liño coa raíz para arriba e ben apretado.

¹¹ LÓPEZ PÉREZ, Ana Belén: Ob. cit., páx. 16.

Logo, usouse un instrumento de pau curto e contundente con forma de martelo, que recibía o nome de **maza ou mazuco** duns 40 cm., realizado en madeira de freixo, salgueiro ou abidueiro. Para manexar a maza compría posuír unha boa resistencia, xa que pesaba moito. A operación da maza realizábase en **mazadeiros ou mazadoiras**, mesas de pedra, que se encontraban nas portan dalgunhas casas; tamén, na primeira lousa que se tivera a man. O mazado pódese explicar do seguinte xeito: “o mazadeiro/a toma un mangado de liño polo extremo do mesmo e pono sobre a pedra. Daquela



procede a sacudilo coa maza, poñendo atención de facelo xirar para que mace de modo uniforme por tódalas partes. Ó rematar, colle de novo o mangado polo outro extremo do brazado e repite o mesmo, ata que queda ben batallado. Entón o mangado recibe o nome de maza ou mazado, ó que lle fan nun lado unha especie de moño ou nó, quedando con el cara arriba, que quere dicir: **liño mazado**. Cada dúas mazas forman **un par** e cando a muller remata con doce pares -**24 mans ou mazas**-, enféixanse formando un **augadoiro**”¹². Nalgúnhas comunidades tamén se levaba a cabo **a remaza**, que consistía en repetir a tarefa da maza coa finalidade de acadar unha maior perfección no resultado. Sen embargo ás veces o liño non quedaba branco ao rematar estes labores, polo que había que empozalo de novo. Así, atado en **augadoiros** metíase de novo na auga catro ou cinco; logo, levábase a un campo, onde se espallaba, enxugaba mais sempre conservándoo en pares; xa enxoito, enféixabase do mesmo xeito e levábase para a casa. Ás veces, nalgúnhas localidades –Rois (A Coruña)– empregouse un aparello de madeira, que movía unha persoa cos pés, namentres que outra vai poñendo presas do liño entre os dentes ¹³.

Nalgúnhas bisbarras para mazar o liño usouse **o mazote**, tamén denominado **trillo do liño**. Era un aparello de catro patas, que levaba varias táboas transversais cun eixe común e que encaixaban unhas nas outras; a metade quedaban fixas e as outras

Nalgúnhas bisbarras para mazar o liño usouse **o mazote**, tamén denominado **trillo do liño**. Era un aparello de catro patas, que levaba varias táboas transversais cun eixe común e que encaixaban unhas nas outras; a metade quedaban fixas e as outras

¹² GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel: Ob. cit., páx. 44.

¹³ GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel: Ob. cit., páx. 42.

elévabanse por medio dunha travesa cun mango. Entre elas íase colocando o liño, que se mallaba rubindo e baixando a parte móvil do aparello¹⁴.

9. A DELUBA.

No outono leváse a cabo este labor despois da cea na cociña ou nun corredor da casa. Adoitan intervir mozos e mozas da mesma parroquia e das veciñas. Mentres que as mulleres teñen “un rol” activo neste labor, pola contra os homes mostran “un rol pasivo” no labor mais activo na animación da xuntanza.

A tarefa podemos resumila do seguinte xeito: unha muller desfai *un augadoiro* e vai repartindo un par a cada delubador. **O par** toma o nome de **estriga**. Para delubar, cóllese a estriga coas dúas mans, unha por cada extremos, e refréganse con forza, para que o liño perda a parte leñosa, que quedou logo da maza. A medida que se vai delubando unha estriga, retórceselle unha punta e ponse de pé a un lado, como se fixo cos pares na maza. Ao se axuntar dazoito estrigas, átanse formando un feixe, que agora se chama *afusal*. Ao rematar o traballo, os afusales gardanse case sempre nun alpendre¹⁵.

10. A ESPADELA E A TASCA.

Nos últimos meses do ano realizábase a espadela. Era un labor comunitario, que tiña lugar normalmente no patio da casa ou nunha dependencia caseira. As mozas, que participaban, aportaban os seus aparellos: **espadeleiros e espadelas**. O espadeleiro está formado por unha táboa de castiñeiro, que amosa o bordo superior afiado, e que está espetada perpendicularmente a outra, que lle serve de apoio. **A espadela**, que recibe tamén o nome de “*rela*” nalgúns comunidades, e un aparello que asemella a unha especie de coitelo, ancho e curto, realizado case sempre con madeira de carballo;



MULLER DE INSUA TASCANDO O LIÑO

adoitan amosar ornamentos variados como **as rocas e os fusos**. Para espadelar, as mulleres poñíanse de xeonllos no chan co espadeleiro diante e coa espadela na man dereita. Ao mesmo tempo, unha muller

¹⁴ LORENZO, Xaquín: *Os Oficios*. Vigo: Galaxia, 1983, páx. 232.

¹⁵ LORENZO, Xaquín: *Os Oficios*. Vigo: Galaxia, 1983, páx. 232-233.

desataba **un afusal** e ía dando **unha estriga** a cada **espadeleira**. Logo, esta poñía no bordo superior do **espadeleiro** a porción de liño –**estriga**– e golpeabao verticalmente coa **espadela** para retirar **os tomentos** ou febras defectuosas. Estes eran aproveitados denantes para facer saias ordinarias, cirolas dos homes ata que foron abandonados pola baixa calidade. Ao rematar este labor bailábase e cantábase no propio lugar do traballo e, tamén, contábanse contos e narracións.

Este proceso segue *co tascado*, que non é máis ca unha segunda espadela, aunque máis perfeccionada, realizada na casa, e sen tanto ritual como a primeira. Nalgunhas localidades e concellos, como o do Corgo, usábase únicamente “**a tasca**”, realizada cun instrumento moi sinxelo, denominado **tascón**. A nivel xeral, este estaba formado por un banco de madeira sobre o que ía espetado perpendicularmente, ben no centro ou nun dos lados, unha pequena taboa de madeira. No Corgo, ían cravadas perpendicularmente sobre o banco dúas pequenas taboas de madeiras. Neste aparello podía traballar unha moza o dúas segundo o número de taboas, que estivesen espetadas no banco. Neste concello o habitual era que dúas mozas, sentadas cunha perna por cada flanco do banco, pasasen con forza e repetidas veces as estrigas do liño sobre candanseu taboa vertical. Desta labor saía unha estopa basta, chamada **tasco ou tarasco**, que nalgunhas ocasións usaban para realizar os fiados dos sacos ou as cordiñas utilizadas para atar os chourizos¹⁶. Ao rematar a tasca o liño volvía quedar gardado en **afusales e estrigas**.

11. O RESTRELO.



O seguinte paso consiste en asedar o liño. Polo tanto, úsase *o restrelo*, consistente nunha táboa de madeira, que amosa molduracións cóncavas e convexas e que leva cravados na súa parte superior uns dentes de ferro – uns máis grosos e afastados e os outros máis finos-. As persoas encargadas deste labor pasan **as estrigas** do liño, unha a unha, por estes dentes de ferro, espetándoas niles e puxando ata acadar que as fibras queden ben alisadas e

MULLER DE VILALBA TASCANDO O LIÑO..

(“O liño e as foliadas en Vilalba. Ana Belén López Pérez”)

¹⁶ GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel: Ob. cit., páx. 53.

libres de asperezas. Nos dentes do restrelo vai quedando a estopa, que se retira a un lado e que logo se emprega non só para realizar un tecido máis basto, senón tamén para outros usos: tapar os billotes das cubas e dos toneis; pechar as fendas dos recipientes de madeira misturándoa con sebo, calafatear as embarcacións... Logo de **asedar unha estriga**, tórcese e doméase á metade, tomando entón o nome de **manela**. Cando un conxunto delas pesa libra e media, átanse nun feixe, que recibe o nome de **meada**. Así mesmo da **estopa** fánse uns rolos, que se chaman **manelas ou meados**, que se gardan separados do liño e que xa están dispostos para ser fiados. Esta angueira é levada a cabo polos membros da casa nos seus tempos libres.

Niste intre, temos xa o liño disposto para ser fiado, logo de nos dar unha serie de subproductos: **tomentos, tascos, estopa e liño, sen contabilizar a liñaza e o coaño** ¹⁷.

12. A FIADA.

Para fiar o liño as mulleres utilizaban as rocas e os fusos. A roca, realizada normalmente con madeira de amieiro, bimbio ou sanguíño, consta de dúas partes: **a**

vara e o recó;

unha cana delgada, que cintura ata o muller, que situado na superior, cabeza, ben postiza, de formas; hai ornamentadas geométricos



a primeira é larga e vai dende a ombro da fia; o reco, parte amosa unha fixa ou diversas rocas con debuxos en varias

RESTRELOS

cores, mostras importantes da arte popular. O **fuso** tamén é un aparello de madeira de foma cónica, que presenta un vértice de ferro ou de madeira, segundo se use para o liño ou pará a lá; na parte inferior acostuma levar unha arandela de madeira, oso ou ferro, para evitar que se deslice o fío consonte se vai envolvendo.

Para fiar o liño a muller desvolvía inicialmente unha **manela** e envurullabaa ao redor do **recó**; logo introducía a canivela da roca, no lado esquerdo, pola fita do mandil;

¹⁷ LORENZO, Xaquín: *Os Oficios*. Vigo: Galaxia, 1983, páx. 236.

coa man dese lado ía collendo as frebas namentres que coa man dereita tiraba do fío ata extraer dúas cuartas de longo; entón suxetabao no fuso e o fio íase retorcendo e envurullando a él. A fiandeira, para retorcer o fío, facía xirar o fuso entre os dedos pulgar e índice da súa man dereita mentres que coa esquerda seguía sacando as frebas, que se fiaban. Cando se fixo unha certa cantidade de fío, envólvese á parte media do fuso e séguese deica o encher de fío. Ao rematar de fiar **unha manela** extraese do fuso o fío todo xunto, e así resulta **unha mazaroca**¹⁸. Por outra banda, aínda que nalgúns casas usaban rodas de fiar, sen embargo a utilización do fuso fíxose bastante extensiva xa que costaba menos, e ademais podía empregarse mentres a muller levaba a cabo outras tarefas: vixiar o gando, preparación do xantar, reparar na propiedades etc.

Cando a fiada tiña un carácter comunitario, entón o dono da casa dáballes unha cea ás mozas, que interviñan no labor, e adoitaba poñer á cociña ou ben outro espazo da casa para que houbera troula



13. LABORES DESPOIS DA FIADA.

Despois da fía na que se usaban a “roca” e máis o “fuso” comezaban os preparativos para tecer. Polo tanto, compría utilizar unha serie de aparellos denantes de que o produto chegase ao tear. Distinguimos os seguintes:

1. O SARILLO.-

*Sementa o home o liño,
que a muller o traballa no sarillo.*

É un instrumento de madeira en forma de cruz, rematando os seus brazos nuns listóns do mesmo material, nomeados “pombas”, aos que se fai xirar arredor dun eixo. Éste vai axustado a unha peza de madeira, colocada en vertical e sostida por outra

¹⁸ LORENZO, Xaquín: *Os Oficios*. Vigo: Galaxia, 1983, páx. 241.

horizontal. Denantes de usar o artefacto hai que buscar o cabo do fío dunha mazaroca ¹⁹ e anoalo a un dos listóns. Logo faise xirar “o sarillo” para que o fio vaia pasando por todos os listóns de madeira. Cando finaliza o fío dunha mazaroca, prendeselle o fío doutra, que volve a pasar por todos os listóns, continuando o labor ata que non hai máis “mazarocas ou fusadas”. Rematado o proceso do ensarillado, “as meas” resultantes de cor escura cómpre branquealas. Por tal motivo hai que lavalas con auga e xabón, e a continuación deixanse secar penduradas dun tendal. Posteriormente e, xa enxoiadas, introducíense nun pote de ferro no que se bota auga; cinza de carballo ou de bidueira, despois de cribala; couselos²⁰; lestras²¹; e un oso de porco. Todo isto ponse a ferver durante varias horas; logo, “as meas” son de novo lavadas e postas a secar nun tendal. Finalmente é mester case sempre metelas nunha cesta e verquer por riba de cada “mea” auga moi quente mesturada con cinza. Cando “as meas” están brancas pasanse pola “devandoira”.

“Esta é unha afusada e estouna pasando para o sarillo para facer unha mea. Despois cribamos a cinza pa mezclala con herbas e puchos. Decían que a mellor era a de carballo, pero cando non había a de carballo tenían que utilizar a outra. Estas son lestras e estes son puchos que vamos a botar na auga cunha pouca cinza mesturada pa que cozan as meas aí ben cocidas pa que



Funcionamento do “sarillo”

ablanden ben. Bueno ahora poñemosla ao lume con auga fervendo e agora botamoslle unha mestura de herbas, lestras, puchos e cinza. E agora cocen as meas un pedazo e quedan aí hasta mañá pola mañá. Pola mañá está a auga fría e despois de cocer las meas, clareamolas, lavamolas e poñemolas a secar”²².

2. A DEBANDOIRA.²³

Non deixes xogar ao gato co novelo

¹⁹ Porción de fío enrolado no “fuso”. Tamén “fusada”.

²⁰ Planta de raíz vivaz, pertencente á familia das crasuláceas; medra no valados vellos, tellados; ten os talos ramosos e florece en maio e xuño; tamén recibe o nome de “orella de frade” e “embigo de Venus”.

²¹ Planta perenne cunha soa cana, follas sen pelos (só xunto á lígula que é oblonga). Atópase en estado salvaxe e tamén cultivada para forraxe. Coñécese asemade como “herba campá”, “herba ballesta”, “lesca” e “lestre”.

²² Muller de San Bartolomé de Insua (Vilalba).

²³ Tamén recibe o nome de “argadelo”.

nin ao neno co coitelo.

Este trebello está formado tanto na parte superior como na inferior por dous brazos de madeira en forma de cruz.²⁴ Estes, colocados nunha posición horizontal, son iguais e están unidos entre si por medio de catro garabullos, que dan voltas arredor dun eixe perpendicular²⁵. Éste posúe como soporte un madeiro poliédrico e cuadrangular, sostido por unha peza de madeira de forma variada; ás veces, o madeiro está incrustado no medio dun caixón, que lle serve de sostén ao aparato. Pola parte posterior dos



“garabullos” (garabatos) introducese unha mea, na que se busca o cabo do fío, e vaise enredando nun carrabouxo (bugallo)²⁶. Deste xeito vanse realizando “os novelos”, que contén “unha mea” (meada) e que se deixan no caixón da debandoira cando o posua.

“Estou debanando as meas que antes se lavaron e se clarearon, a poder ser no mes de marzo xa que sale o liño máis claro”²⁷. “Logo de lavar, metese na pota sen herbas. Despois volvease a lavar, a dar voltas ata que blanquee pra despois facer os novelos coa axuda da debandoira”²⁸.

A DEBANDOIRA

3. O BARCAL, A ESPALLADEIRA, E A URDIDEIRA.

***O que enredou a meada,
que saiba desénredala***

3.1. O BARCAL.

Trátase dun trebello de madeira, de estrutura poliédrica e cuadrangular, distribuído en doce partes nas que se colocan “os novelos”.

3.2. A ESPALLADEIRA.

É un artefacto de madeira, de estrutura cuadrangular, que vai provisto dun mango e de doce buratos, colocados en dúas series. A súa función é ordenar os fíos dos novelos.

3.3. A URDIDEIRA.

A tea mal tecida,

²⁴ Nalgunhas bisbarras como a Terra Chá, a debandoira só está provista de dous brazos de madeira en forma de cruz, que teñen nos seus extremos uns garabatos colocados en vertical.

²⁵ Nalgunhas comunidades recibe o nome de “espigo”.

²⁶ Anaco de carozo.

²⁷ Muller de San Bartolomé de Insua (Vilalba).

²⁸ MONTENEGRO, Victoria: O Liño. Vídeo de “Youtube”. Parada de Outeiro. Limia (Ourense).

ó lavala queda máis encollida.

Consiste nun instrumento de madeira, que pode ser fixo ou de parede; tamén de aspa ou xiratorio arredor dun eixe suspendido do teito. A máis común é a plana ou fixa, que esta composta duns listóns de madeira paralelos e verticais (1,90-2 metros), unidos por



O CAIXÓN DOS NOVELOS E A ESPALADEIRA

unha trabe de madeira duns 2,50 metros; cada un dos listóns verticais posúen vinte tornos, e a trabe tres na parte central e outros dous no flanco da dereita. A de “aspa ou xiratoria”, propia da Terra Cha e doutras bisbarras, esta formada de varios listóns de madeira, colocados vertical e horizontalmente; estes están unidos entre si e xiran arredor dun eixe suspendido do teito.

3.4. FUNCIONALIDAD E USO.



Nun primeiro momento hai que dispoñer os doce novelos nun caixon ou caixa de madeira (“carcel ou barcal”). Logo compre coller o cabo do fío (“costal”) de cada novelo e pasalo polo correspondiente burato da espalladeira. Ao rematar a tarefa enlázanse “os cabo dos fíos” en dúas ordes de seis, seis arriba e seis abaixo, que tamén se atan entre si. O fío que resulta de tal unión recibe o nome de “viñón ou cadillo”. A continuación o extremo do “viñón” vaise introducindo coa axuda da “espalladeira” ao longo dos tornos da urdideira, cruzando os fíos e facendo cruces ata xuntar os fíos precisos para comezaer a

URDIDEIRA MÓBIL. FOTO DE ANA BELÉN LÓPEZ.

tecer. Agora ben como o ancho corrente dos lenzos adoita levar uns 264 fíos, é mester repetir a operación na urdideira unhas 22 veces.

INFORMACIÓNS DE FIADEIRAS DE S. BARTOLOMÉ DE INSUA. VILALBA. LUGO

“Acabo de amañar os fíos para preparar unha urdime. Metín doce novelos no caixon; metinnos pola espadela (fíos), seis por un lado, seis por outro; e agora esto vouno pasar pola urdideira. Ben, aquí temos unha urdime acabada de sacar da urdideira.

Fixemos unha restra e vamos collendoa pouco a pouco a restra pra que non se enrolle. Logo nunha das partes están as cruces, as dúas varas de cruces, que son dúas varillas planas e levamolas ata o tear para logo alí embeñar; as cruces teñen a finalidade de que non se enreden os fíos e que poidan ir todos a un” ²⁹.

INFORMACIÓNS DE FIADIRAS DE PARADA DE OUTEIRO. LIMIA. OURENSE

“Colocados os novelos no caixón e coa finalidade de que non se enmarañen, faise pasar cada fío polo correspondente burato da tapa e da espaladeira. Recorrendo con eles o urdidor, irase facendo a urdime, que non é máis que un número de fíos dunha lonxitude determinada, que colocada posteriormente no tear será a alma do tecido. Os fíos da urdime quedaran ordenados mediante dúas cruces, unha en



URDIDEIRA FIXA

*cada un dos seus extremos. Nunha das cruces, os fíos separanse de un en un; a outra realízase con todos os fíos xuntos, o que se denomina “cadillos”, que é onde se vai levando a conta o número de fíos. Atadas as cruces, retírase a urdime, facendose con ela un trenzado”*³⁰.

4. O TEAR.

*A muller que moito pasea,
non tece a súa tea*

4.1. ELEMENTOS.

4.1.1. PEZAS DE SOPORTE DO TEAR.

Este instrumento está composto dunhas pezas xerais, que serven de soporte -a xeito de piares- a uns listóns de madeira, onde están fixados os caneleiros. Estes sosteñen “aos lizos” e ao “peite”³¹.

4.1.2. OS LIZOS.


²⁹ CABREIROS (XERMADE). Asociación de Veciños. Vídeo Youtube. “O Liño, arte e cultura”. Fiadeiras de San Bartolomé de Insua.

³⁰ MONTENEGRO, Victoria: O Liño. Vídeo de “Youtube”. Parada de Outeiro. Limia (Ourense).

³¹ Tamén recibe o nome de “pente”.

Son dúas varas horizontais paralelas, provistas dunha porción de fíos grosos, que teñen no medio un lazo. Están sostidos duns cordeis, que pasan por dúas roldadas de madeira, suxeitas aos extremos dunha travesa. Debido a acción duns pedais (“premedeiras”), que a tecedeira move cos seus pés, os lizos posúen un movemento alternativo de baixada e subida.

4.1.3. O PEITE.



Tear e a súa nomenclatura: 1, travesa. 2, rodela. 3, brazo. 4, columna, 5, frechada. 6, lizos. 7, pecho. 8, torno. 9, pecho. 10, ordo do liño. 11, trabe. 12, canal. 13, pente. 14, orgo do pano. 15, cepo. 16, pé. 17, premedeiras. A, un tipo distinto de orgo. B, tempereiro. C, lanzadeira. D, lanzadeiras decoradas. E, canela. F, tiseiras de tecelán.

Trátase dun aparello dentado de cana ou de madeira. Por cada dente do “peite” hai que introducir dous fíos e, logo, cómpre suxeitar todos os fíos, labor que nalgúns parroquiais recibe o nome de “renoar”. Este utensilio, situado no “canal de madeira”, está sostido dunha trabe da parte

superior grazas a dous listóns de madeira, dispostos perpendicularmente.

4.1.4. OS ORGOS.

Son dous elementos de estrutura cilíndrica, que teñen como función enrolar o fío ou a tea.

A. O ORGO DO LIÑO.

É unha peza cilíndrica, situada nun dos extremos do terar, que ten como misión envolver os fíos da trama. Éstes son tensados por medio dun trebello de ferro³², que por riba do lenzo fíxase a él por medio dunhas puntas saíntes, a xeito de serra.

B. O ORGO DO PANO.

Trátase dun fragmento cilíndrico, que ten como función suxeitar o comezo do lenzo, que se estira cunha corda delgada atada “ao pecho” e “ao torno”³³, para ir logo envolvendo a tea segundo vaia saíndo.

4.1.5. A LANZADEIRA.

É unha pequena caixa de madeira, que leva un trebello de forma cilíndrica, no que se envolve o fío, que vai a ser usado para tecer.

4.2. FUNCIONAMENTO DO TEAR.


³² Recibe o nome de “trombollo”.

³³ Tanto “o pecho” como “o torno” son pezas, que serven para amarrar o inicio do lenzo.

***Mentras teña o meu tear,
camisa non me ha de faltar.***

Denantes de poñer en marcha o tear, dispoñense as canelas, que se colman de fío por medio da “caneleira”³⁴. Logo, “as canelas” pasan á lanzadeira³⁵.

Para dispoñer “a urdime” no tear a tecelá estende os fíos entre “o orgo do liño” e “o orgo do pano”, pasando os pares por “un lizo” e os impares por outro. Logo, coloca os seus pés nas “premedeiras”, impelendo de contado cada unha delas dun xeito



LANZADEIRAS.

alternativo. Isto dá lugar a que “os lizos” suban e baixen, e que “a trama” separese en dúas series, que coordinan nunha sucesión de orde o mesmo movemento. Este é o intre no que a muller, xa unido o cabo do fío da “canela” a un dos da trama, lanza coa súa man dereita “a lanzadeira” entre elas (series) mais por diante do “peite” (pente). Coa man esquerda colle “a lanzadeira”, altera a orde dos “lizos” e apreixa con moita sacudida o fío co “peite” (pente), que move coa man non ocupada pola “lanzadeira”. Desta maneira vólvese a realizar o labor de esquerda á dereita ata que finalice a actividade. *“Logo pisa a outra premedeira invertendo os fíos pares e impares, de modo que pasan abaixo os que estaban arriba e viceversa. Volve a pasar a lanzadeira, pero en sentido contrario ao de antes e tamén aperta co peite este novo fío da trama como fixo co anterior”*³⁶.

INFORMACIÓNS DE FIADEIRAS DE PARADA DE OUTEIRO . LIMIA. OURENSE

“Lévase a urdime á parte traseira do tear, pasase cara a parte dianteira; colócase na barra; distribúense “os cadillos” nos restrelos; lévase e átase a barra ao pregador traseiro, Chega o delicado momento de enrolar a urdime, labor para o que se precisan catro persoas: dúas pra dar voltas ao pregador; outra que con moita destreza guía o restrelo; e unha cuarta persona que tirará con forza da urdime para así lograr que os

³⁴ Instrumento dos tecedores, que tiña forma de “roda”, para realizar as canelas.


³⁵

³⁶ GONZÁLEZ REBOREDO, X. M., e MARIÑO FERRO, X. R: *Diccionario de Etnografía e Antropoloxía de Galiza*, Vigo: Negra Trea, 2010, páx. 411.

fiós se enrolen con igual tensión. Colócase a cruz que separa “fío a fío”. Traense os lizos ao tear. Polas súas mallas pasase cada fío nunha orde determinada segundo o tecido que se deséese obter. Fanse pasar polo peite. Colocase o peite no batán. Átase á urdime a barra dianteira e chega o momento de tecer. Esta é a lanzadeira coa súa canela de fío, que pasada tras pasada será a encargada de ir entrecruzando a trama coa urdime” ³⁷.

INFORMACIÓNS DE FIADEIRAS DE S. BARTOLOMÉ DE INSUA .VILALBA. LUGO

“Ao sacar a mea da urdideira traemola pra o tear. Entonces metemola aí e poñemonos a embeñar; metemola nos lizos e logo no peite; tensamola ben; atamola aquí e agora solo nos queda tecer coa lanzadeira”.



“O tear é onde confeccionamos a tea pra facer as prendas. E componse dun tensor, que é o que tensa a urdimbre despois de habela metido mais de haber embeñado; despois a urdimbre que baixa hasta os lizos, pasa polas mallas dos lizos. O lizo son dúas varas

URDIDEIRA, ESPALADEIRA E BARCAL. DEBUXO XAQUÍN LORENZO.

donde van metidas precisamente cada malla desas. Os lizos van colocados nesas poleas que despois ao mover os pedales sube un e baixa outro, que é a forma de cruzar os fiós pra despois suxeitar a trama. Despois dos lizos pasa ao peite que está colocado no que lle chaman o batán que ese ao movelo según se pasa a lanzadeira tirase por el pra tensar o fío da trama e logo despois ao cambiar de pedal volvese a tirar dúas veces forte para suxeitar a trama e así e a maneira de ir facendo a tela. Despois soltamos de aquí con esta cuña e tiramos dela e vamos correndo a urdimbre pa aló; pa aló despois

³⁷ MONTENEGRO, Victoria: O Liño. Vídeo de “Youtube”. Parada de Outeiro. Limia (Ourense).

según a tela se vai facendo vaise enrolando no outro tensor que hai alí. Ao acabar teremos que soltar esta cuña pa afloxar e xca sacaremos a tea po aí.”³⁸.

Mentres a tecedeira está co labor vai enrolando o lenzo no “orgo de pano” e procura afreouzar o fío no “orgo do liño”. Así mesmo é mester ter estirada a tea polo flancos por medio do “trombollo”, deixando firme o outro exrtremo do orgo a un dos pés do tear. Ao finalizar, o liño que se encontra no “orgo” liberase do “compostoiro”, ficando o fío asegurado polas canas da cruz, e deste xeito seguese a tarefa de tecer ata que aqueles alcanza oa lizos, momento no se se saca o lenzo do orgo, e conclue o labor. Finalmente, como o ancho das colchas, mantas e outros tecidos está supeditado ás medidas



reducidas dos teares, que permiten normalmente uns 80 cm. de tecido, a tecedeira debe coser dúas ou tres pezas ao longo das mesmas para acadar a dimensión desexada. “Cómpre ter en conta

TECEDEIRA

que como o tear común non da o ancho que necesitan as sábanas, colchas,mantas...soían tecerse en varias pezas, que a continuación se cosían polos lados”³⁹.

***Nai e filla caben nunha camisa,
nora e sogra non caben na tea toda***

Neste instrumento elaboranse colchas, mantas, sabas... As colchas, tanto as brancas como as de cores, están confeccionadas de liño, algodón e lá. Adoitaban levar frechos para o seu remate. Estes, elaborábanse co mesmo fío da colcha, desfacendoos ao seu arredor agás na cabeceira; logo tecíanse os fíos a man. Tamén facíanse nun trebello, que

³⁸ CABREIROS (XERMADE). Asociación de Veciños. Vídeo Youtube. “O Liño, arte e cultura”. Fiadeiras de San Bartolomé de Insua.

³⁹ LORENZO, Xaquín: *Os Oficios*. Vigo: Galaxia, 1983, páx. 262.

asemellaba a un pequeno tear, no que poñían os fíos e facíase o freco; a continuación cosíase na colcha. As mantas podían realizarse con lá ou liño; as máis económicas recibían o nome de “farrapeiras”, xa que a trama estaba composta de tiras de roupa vella. As sabas ao ser suaves, realizábanse de cerro, e adoitaban bordarse coas iniciais da dona da casa ou da moza que ía a casar. “As veces facíanse de estopa mais neste caso rascaban”⁴⁰. “Do tear, sae todo o necesario na casa; así as cortinas e os panos do leito ordinario son de estopa selecta, mentres que o liño fino e para roupa de baixo e lencería”⁴¹.

IV. CONSIDERACIÓNS FINAIS.



O proceso de elaboración do liño viña durando un ano aproximadamente. Neste tempo, como fumos vendo ao longo dábolos dous artigos, había traballos comunais nos que participaban algúns veciños da comunidade parroquial ou os máis próximos á casa, onde se levaba a cabo a tarefa. Isto estaba en función do liño sementado e recollido. Esta cooperación, reflectida tamén noutras labores, como as segas; mallas; colleitas das patacas...tiña un claro fundamento na reciprocidade. Isto motivaba que o veciño, ao que se lle ofrecía a axuda, quedaba

MULLERES LABORANDO O LIÑO

obrigado a participar nos traballos daqueles, que foran no seu favor. “Vecindad, solidaridad, ecología, trabajos, ayuda mutua, diversión, complementariedad de sexos, comensalidad, son elementos que están canalizados, sujetos a controles, normas, espacios y tiempos por los rasgos propios que los aglutinan. Hay una ritualización”⁴². No intre actual o cultivo e transformación deste cereal únicamente está patente nalgunhas asociacións veciñais, que tentan recuperar o proceso para dalo a coñecer ás xeracións máis novas para que coñezan de primeira man algunhas labores do pasado e

⁴⁰ LÓPEZ PÉREZ, Ana Belén: *O Liño e as Foliadas no Concello de Vilalba*. Lugo: Deputación Provincial, 1993, páx. 27.

⁴¹ GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel: *O Liño*. Vigo: Ir Indo, 1992, páx. 98.

⁴² LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Antropología Cultura de Galicia*. Madrid: Siglo XXI, 1971, páx. 138.

ao mesmo tempo para que comprendan como os elementos identitarios dunha comunidade se construen nun pasado e vanse dinamizando de cara ao futuro.

Unha destas asociacións é a que nos ocupa, que dá a coñecer a “Cultura popular do liño” por diferentes concellos e comunidades de Galicia, aproveitando feiras, festas e outros eventos.

V. BIBLIOGRAFÍA.

- EQUIPO “IR INDO” (Varios): *Galicia en Comarcas*. Vigo: Ir Indo, 2005.
- FERNÁNDEZ OTERO, Miriam: *As mulleres de Insua e o liño. Dez anos dun proxecto de recuperación etnográfica*. IESCHA, Vilalba (Lugo), 2019.
- GAGO ÁLVAREZ, Castor: *El lino textil: una alternartiva para Galicia*. Informe, Verín, 1987.
- GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel: *Galicia Artesana*. León: Ed. Everest, 1987.
- GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel: *Guía de la Artesanía de Galicia*. Madrid: Ministerio de Industria, 1984.
- GIL DE BERNABÉ, Xosé Manuel: *O Liño*. Vigo: Ir Indo, 1992.
- LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Siglo XXI, 1971.
- LÓPEZ GÓMEZ, Felipe Senén: *Arte popular en Galicia*. Madrid: Ed. Silex, 1982.
- LÓPEZ PÉREZ, Ana Belén: *O Liño e as Foliadas no Concello de Vilalba*. Lugo: Deputación Provincial, 1993.
- LORENZO, Xaquín: *Os Oficios*. Vigo: Galaxia, 1983.
- MANDIANES CASTRO, M.: *O Fiadeiro na Limia Alta. Grial*. Ourense, 1985.
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Antropoloxía de Galicia*. Vigo: Xerais, 2000.
- RODRÍGUEZ CALVIÑO, Manuel e SÁENZ-CHAS DÍAZ, M^a Belén: “Traballos de axuda mutua e relacións sociais: O liño no Val de Veá (A Estrada, Pontevedra)”, en *Encontros coa Etnografía*. Ed. Toxoutos, Noia (A Coruña), 2005.
- SAAVEDRA, Pegerto: Voz. “Lino”, *G.E.G.*, T. XIX. Santiago, 1984.
- SIXIREI PAREDES, Carlos: *San Cristobo de Xavestre. Chequeo a unha comunidade rural*. Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1982.
- VEIGA DE OLIVEIRA, E.; GALLANO, F.; PEREIRA, B.: *Tecnología Tradicional Portuguesa/O linho*. Lisboa: Etnologia 1, 1978.

VI. OUTRAS ILUSTRACIÓNS.



RESTRELOS. "CASA DO LOLO (ANSEÁN) (CORGO)



MULLER DE VILALBA USANDO O RESTRELO
(“O liño e as foliadas en Vilalba. Ana Belén López Pérez”)




MEADAS DE LIÑO.



OUTRAS FORMAS DE MAZOS



ESPADELEIRO




A cadea, pra leval-o fio da urdideira ó tear.

MEA TRENZADA. DEBUXO DE XAQUÍN LORENZO.



O CAIXÓN DOS NOVELOS E A ESPALADEIRA



LANZADEIRAS



MULLER DE INSUA FIANDO O LIÑO



MAZORGUEIRO



USO DA DEBANDOIRA



MULLER DE INSUA USANDO A ESPADELA



TECEDORA DE INSUA USANDO A URDIDEIRA



MULLER DE INSUA UTILIZANDO A URDIDEIRA




MULLER DE INSUA TECENDO



TECEDORA DE INSUA USANDO UN TEAR VERTICAL



DIFERENTES TECIDOS DO OBRADOIRO DE SAN BARTOLOMÉ DE INSUA (VILALBA)



**SAN PEDRO DE RÍO (A FONSAGRADA). ALGÚNS APARELLOS DO LIÑO (MAZO, SARILLO, TASCÓN, MAZOTE, RESTRELO). FOTOGRAFÍA DE "WALTER EBELING".
"A TERRA E OS HOMES" (1928-1933)**



UNHA TASCA. VILALBESANOS. ANOS TRINTA DO SÉCULO PASADO. COLECCIÓN DO "I.E.S.CH" (INSTITUTO DE DE ESTUDIOS CHAIREGOS. VILALBA).